

'Galeusca pola diversidade lingüística e cultural': Semente, Ikastolen Elkartea e La Bressola reclaman a fin das restricións das linguas no ensino

sábado 11, xuño 2022



Encontro das Escolas de Ensino Galego Semente, Ikastolen Elkartea (Euskal-Herria) e La Bressola (Catalunya Nord) no Museo do Pobo Galego CC-BY-SA Semente

Semente, Ikastolen Elkartea e La Bressola asinan unha declaración que recupera o "pacto solidario trinacional" de 1923 para reclamar unha "soberanía educativa plena" e o cumprimento da Carta Europea das Linguas

As **Escolas de Ensino Galego Semente** (Galicia), **Ikastolen Elkartea** (Euskal-Herria) e **La Bressola** (Catalunya Nord) presentan en Compostela a declaración interinstitucional ***Galeusca pola diversidade lingüística e cultural no ámbito educativo*** nun encontro no que lembran o "pacto solidario trinacional" que foi subscrito en Barcelona en 1923, recoñecendo "promotoras dunha educación democrática, laica, pedagóxicamente renovadora, sen fins lucrativos e autocentrada nas respectivas realidades nacionais".

No acto celebrado na mañá deste sábado, presentado polo escritor **Séchu Sende**, participaron representantes das tres institucións: **Santiago Quiroga**, coordinador nacional das Escolas de Ensino Galego Semente; **Koldo Tellitu**, lehendakari de Ikastolen Elkartea; e **Eva Bertrana**, directora xeral de La Bressola; adem **membros e crianças do projeto Semente**, así como a reconhecida música **Guadi Galego**



Presentación da declaración 'Galeusca pola diversidade lingüística e cultural no ámbito educativo' CC-BY-SA Semente

"Deben ser eliminadas todas aquelas restricións lingüísticas no ámbito educativo que limitan as oportunidades das futuras xeracións de galegas, vascas e catalás"

As entidades educativas denuncian o "incumprimento sistemático dos Estados español e francés da **Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias**" e esixen que se faga efectiva de maneira íntegra para a "preservación do seu patrimonio lingüístico". Ademais, trasladan a súa "preocupación" pola "**inxerencia dos Tribunais**" na planificación lingüística educativa, ao considerar que "se está a restrinxir a aplicación de modelos plurilingües", que contan cun "recoñecido prestixio internacional".

Semente, Ikastolen Elkartea e La Bressola chaman á construción dunha "**soberanía educativa plena**" que permita "blindar o exercicio do dereito universal a unha educación propia". Desta maneira, inciden en que "deben ser eliminadas todas aquelas restricións lingüísticas no ámbito educativo que limitan as oportunidades das futuras xeracións de galegas, vascas e catalás".

"As nosas culturas, así como as achegas historicamente realizadas polos nosos pobos en calquera campo do saber, conforman parte fundamental da base para un desenvolvemento curricular propio, **favorecedor de valores interculturais** e impulsor da diversidade epistemolóxica no Planeta", aseveran na declaración.

A **xornada de irmandade internacionalista** deste sábado inclúe un xantar popular na escola Semente e un espectáculo de Circus Magnificus. Ao longo da tarde tamén terán lugar as palestras de Koldo Tellitu, Eva Bertrana, a directora pedagóxica da Bressola **Olatz de Bilbao**, e mais **Guillem Nivet**, un dos membros da institución catalá. A actividade rematará cunha mesa redonda sobre a normalización das linguas minorizadas que estará moderada por **Uxía Bolanho**.